

XXII FEIRA DO ANO E SAN ISIDRO ► PARADELA

Paradela reunirá ó mellor gando

XXII FEIRA DO ANO E SAN ISIDRO. Na convocatoria, que se celebrará mañá domingo, haberá aproximadamente 350 exemplares de vacún, 200 de equino e uns 50 de lanar

DIÁLOGOS COMUNICACIÓN

Paradela converterase mañá en punto de encontro para os amantes da boa gandeiría. O concello acolle a Feira do Ano e San Isidro, que chega á súa vixésimo segunda edición. A convocatoria contará cun amplo programa, do que o alcalde, José Manuel Mato, subliña a exposición de gando, na que se contará con aproximadamente 350 cabezas de vacún e uns cincuenta exemplares de gando lanar, ademais duns douscentos de equinos.

Se houbera algún problema con este último tipo de gando, poderíase chamar a Serveteq, unha empresa de servizos veterinarios destinados a clínica equina, e que ten no concello de Paradela a un dos municipios da súa área de influencia, ó estar na vía rápida Lugo-Sarria. A firma, que traballa en todo Galicia, norte de Portugal, Asturias e León, ten 50.000 metros cadrados de superficie e un área construída de 600, onde está asentada unha parada de sementais, que é a única da provincia autorizada pola Consellería do Medio Rural e, segundo teñen coñecemento os responsables de Serveteq, unha das dúas de Galicia. Para máis información, pode visitarse a web www.serveteq.es ou contactar cunha das socias, Pilar Cortón Muínelo.


Organizada polo Concello, a cita contará cun sorteo de premios para os gandeiros. «A aqueles que participaron nas feiras celebradas entre xaneiro e maio, ofrecémoslles a oportunidade de participar» no xogo de azar, cuxos premios serán

doados por casas comerciais e pola organización feiral. Consistirán en útiles modernos ou tradicionais, para as súas explotacións ou vivendas, e o seu valor global será duns 9.000 euros.

Os actos completaranse con outros como o desfile de cabalos e de cinco carros do país, nos que se sacarán en procesión a San Xoán e San Isidro. Ademais, ó longo do día poderase ver unha exposición de pintoras locais e

Tradición

O ALCALDE EXPLICA QUE UN COLECTIVO RECUPEROU ESTE TIPO DE CONVOCATORIAS



Imaxe da cita do ano pasado. ADC

de Sarria, e o Barco Muralla da Deputación.

Para Mato, «o San Isidro supón un encontro coa tradición». Segundo apunta, «as feiras diminuíran e unha asociación acometeu a tarefa de recuperalas. É unha cita gandeira das que hai poucas en Galicia. Un dos seus principais valores é que se celebra nun

inmable polifuncional que, ademais de acoller esta convocatoria, alberga outras».

Á cita contribúen a Asociación para o Desenvolvemento de Paradela, ADESPA; o Inludes; Acruga, que acudirá con oito exemplares de vacún, e a IXP Ternera Gallega, que axuda a sufragar a carne.



VETERINARIOS
CLÍNICOS
EQUINOS

SERVETEIQ
Servicios Veterinarios Equinos

www.serveteq.es
serveteq@serveteq.es

O Abelado - Laxes - Campos - 27163 - O Corgo - Lugo
896 940 406 - 800 000 754

Eu xa son doante ¿e ti?
DOA SANGUE

CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA

XXII FEIRA DO ANO SAN ISIDRO PARADELA, 15 DE MAIO DE 2011

Mostra de Gando
Maquinaria Agrícola
Sorteo de Agasallos
Exposición de Pintura
no Centro Sociocultural

Desfile de
Carros e Cabalos
coa Banda de Música
de Paradela

Misa
Concerto
da Banda de Paradela

Tenreira,
Viño da Ribeira Sacra
e Pan de Paradela
Verbena coa Orquestra

PASARELA



Programa

DOMINGO, 15 DE MAIO

- 9.00: Mostra de gando
- 9.00: Maquinaria agrícola
- 13.30: Sorteo de agasallos
- Exposición de pintura no centro sociocultural, todo o día
- 17.00: Desfile de carros e cabalos coa Banda de Música de Paradela
- 18.00: Misa
- 19.30: Concerto da Banda de Paradela
- 22.00: Degustación de tenreira, viño da Ribeira Sacra e pan de Paradela
- 23.00: Verbena coa orquestra Pasarela

